Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Área / Unidad	Documento	
INNOVACION Y DESARROLLO TECNOLOGICO ID0000 AHL	10013I003U	
Código de verificación	Expediente	
024Y 5B5D 1F68 011I 08CZ	100/2019/9	
	Fecha	
	04-06-2019	

INFORME VALORATIVO DA MEMORIA DE XESTIÓN 2018

Por memoria de xestión entendemos, entre outras definicións, aquela que a concibe como o documento que integra os requirimentos de información que, de acordo co artigo 211 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deben acompañar á conta xeral da institución, e que deberán constituír:

a) unha memoria xustificativa do custo e rendemento dos servizos públicos.

b) unha memoria demostrativa do grao no que se cumpriron os obxectivos programados con indicación dos previstos e alcanzados co custo dos mesmos.

Por outra banda, debe valorarse como unha importante ferramenta de traballo para as unidades administrativas por unha dobre razón: dun lado porque sintetiza non só o conxunto de actividades, custos e resultados de todas elas, senón que ademais refunde as achegas dos directivos en relación coas propostas de mellora organizativa e funcional, e doutra banda, porque contribúe ao perfeccionamento das técnicas orzamentarias e á optimización de recursos.

Neste marco débese situar a emisión do presente informe que serve de acompañamento á presentación da citada memoria de xestión do exercicio 2018 ante a Alcaldía, para a súa toma de razón e remisión á Tesourería Xeral - Contabilidade a fin de que sexa anexada á correspondente Conta Xeral.

VALORACIÓN DO PROCESO

O proceso de elaboración das Memorias de Xestión desenvolveuse por parte das unidades responsables de forma individual; cada departamento responsabilizouse da realización en toda a súa extensión da súa memoria e cada área responsabilizouse do contido da mesma.

VALORACIÓN DO CONTIDO

O contido de cada unha das memorias parciais responde á estrutura habitual deste documento:

- Misión.
- Funcións.
- Áreas de Resultado Clave.
- Obxectivos do Exercicio.
- Custos.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Servizo Innovación e Des. Tecno. (JOSE MARIA ARES ABALO) a las 08:52 del día 13/06/2019, Concelleira Delegada de Participación e Innovación Democrática (CLAUDIA DELSO CARREIRA) a las 13:58 del día 13/06/2019 y por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 15:38 del día 12/06/2019. Mediante el código de verificación 024Y5B5D1F68011I08CZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218501 2L87K-WZ74Q-CV5Q4 622B5AE93E6D468A325E86F066D42F0AB93C0A0F) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218501 2L87K-WZ74Q-CV5Q4 622B5AE93E6D468A325E86F066D42F0AB93C0A0F) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Servizo Innovación e Des. Tecno. (JOSE MARIA ARES ABALO) a las 08:52 del día 13/06/2019, Concelleira Delegada de Participación e Innovación Democrática (CLAUDIA DELSO CARREIRA) a las 13:58 del día 13/06/2019 y por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 15:38 del día 12/06/2019. Mediante el código de verificación 024Y5B5D1F68011108CZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

- Resultados da Actividade.
- Indicadores.
- Conclusións.

En relación co capítulo de Custos, este apartado mantense, sen perxuizo da información de custos que a Tesourería Municipal incorpore ó antedito expediente da Conta Xeral do exercicio 2018, como consecuencia da aplicación do establecido na Disposición Transitoria terceira da Orde HAP/1781/2013.

En canto á valoración xeral dos contidos, sinalar que nalgunhas memorias queda sen cubrir un porcentaxe destacable dos campos, tanto descritivos como de información cuantitativa:

Así mesmo obsérvase un certo deterioro da adecuación dos textos ós correspondentes epígrafes: longas definicións de conceptos sinxelos como a misión, extensas descricións de actividades onde deberían enunciarse contidos concretos, como as función ou os obxectivos, etc.

A pesar diso, o documento desvélase, con todas as súas ausencias e limitacións, como unha memoria xustificativa do custo e rendemento dos servizos públicos, con catro funciones claras:

- Función de Información.
- Función de Asignación de recursos.
- Función de Lexitimación.
- Función de Mellora da Xestión e do Rendemento.

A Memoria de Xestión débese erixir en ferramenta de traballo para as unidades administrativas, xa que permite a reflexión en termos de consecución de obxectivos e metas propostos, e por outra banda, debe contribuír ao perfeccionamento da asignación dos recursos orzamentarios e dos mecanismos para controlar a eficacia da súa aplicación.

PERSPECTIVAS DE MELLORA

A pesar do tempo transcorrido desde a implantación deste formato de memoria de xestión, o proceso de recompilación da información segue sendo unha tarefa eminentemente manual. Require dos responsables a procura de datos en distintos formatos e soportes, que despois se trasladan e unifican para dar forma á memoria. Na medida en que avancen os procesos de normalización, racionalización de procedementos e migración cara á administración electrónica, a información debería estar menos dispersa e máis accesible, tanto nas ferramentas de tramitación como noutros soportes, por exemplo cadros de mando.

Por outra banda, a demora e a non entrega da información dalgunhas unidades obriga a finalizar o traballo de conformación co tempo xusto para a súa aprobación e inclusión na conta xeral, dificultando a necesaria revisión e aclaración de determinados conceptos, como xa se comentara no punto anterior.

Quizá sexa oportuno renovar a reflexión sobre a utilidade desta ferramenta, máis aló da formalidade de anexo á Conta Xeral, e a conveniencia de dedicar unhas horas ao ano para

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

pasar revista, con espírito crítico e construtivo, ao traballo realizado para que sirva de base para a planificación do traballo futuro.

CONCLUSIÓN

A elaboración das Memorias de Xestión constitúe un necesario exercicio de autoavaliación. Sen dúbida, a concreción dun esforzo por sistematizar o traballo feito durante o ano, reunindo metodicamente datos, magnitudes e estatísticas esenciais que permitan obxectivar a marcha da organización, as súas realizacións, as súas metas e sistemas de traballo, a evolución dos indicadores de referencia dentro da área, etc., articula un proceso altamente proveitoso. Trátase dun recoñecemento necesario para pesar, medir e comparar a xestión desenvolvida e a capacidade da organización municipal para dar resposta ás necesidades da cidade e impulsar a súa modernización e mellora.

As Memorias de Xestión forman parte do ciclo de planificación e control da organización, deben converterse nun instrumento central da rendición de contas da mesma ante os cidadáns, no sentido de dotar de transparencia a xestión pública, e de constituír unha canle de información á cidadanía sobre a execución dos orzamentos: servizos prestados, o custo incorrido, e o grao de cumprimento dos obxectivos programados.

Debemos continuar poñendo todos os medios posibles para impulsar a transformación da Memoria de Xestión nun instrumento para a planificación. Para que isto poida converterse en realidade, cada memoria debe ser unha reflexión singular para cada exercicio. A memoria debe erixirse nunha importante fonte de información que poida nutrir outros proxectos, avance do que vai ocorrer, radiografía permanente da actividade municipal, e é a todo isto ao que non debemos renunciar.

Estimamos que en termos xerais, e obviando os déficits de información antes citados, a memoria responde ao establecido no xa citado artigo 211 da Lei Reguladora das Facendas Locais, como documento a incluír na Conta Xeral do Concello correspondente ao exercicio 2018.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

O Xefe de Departamento
de Modernización e Procesos

O Xefe de Servizo de Innovación e
Desenvolvemento Tecnolóxico

Vº e Prace
A Concelleira de Participación
e Innovación Democrática

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Servizo Innovación e Des. Tecno. (JOSE MARIA ARES ABALO) a las 08:52 del día 13/06/2019, Concelleira Delegada de Participación e Innovación Democrática (CLAUDIA DELSO CARREIRA) a las 13:58 del día 13/06/2019 y por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 15:38 del día 12/06/2019. Mediante el código de verificación 024Y5B5D1F68011I08CZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218501 2L87K-WZ74Q-CV5Q4 622B5AE93E6D468A325E86F066D42F0AB93C0A0F) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.